

TALLER DE ESCRITURA CREATIVA

De curta duración 2-3h (8-14 anos)

Contidos

Durante o taller realizaranse distintos exercicios que inspirarán a creatividade dos participantes e motivaranos a poñer por escrito aquelas ideas que vaian xurdindo co fin de ir creando narrativas lóxicas dentro das posibilidades que ofrece a imaxinación.

Así mesmo, aquí amósanse uns exemplos das posibles actividades que se realizarán dependendo do número de alumnos e das súas idades.

- Presentación creativa: os participantes presentaranse así mesmos cunha unha “mini” historia na que tratarán de contar o motivo do seu interese pola escritura ou calquera outro dato significativo sobre si mesmos.
- Crear unha historia a través de viñetas: por grupos e co apoio de material visual (viñetas, fotografías, debuxos, etc) os participantes crearán unha historia curta empregando a estrutura tradicional (presentación, nó e desenlace).
- “A miña historia imaxinaria”: coa intención de que os participantes se coñezan apoiaranse aos participantes para que creen unha historia con só tres oracións nas que contarán que personaxe imaxinario lles gustaría ser.
- Crear unha historia en grupo empregando os dados contacontos: co apoio dos dados e de forma cíclica, cada participante comezará a escribir unha parte da historia en segredo para logo pasarlle a testemuña ao seguinte quen a continuará, e este mesmo a do compañeiro anterior. Ao remate, leranse todas as historias en alto e cada un poderá levar para a casa aquela que iniciou.

Estes exercicios poden ser realizados un número infinito de veces e é o seu exercicio o que favorecerá as capacidades dos seus participantes.

Quen pode participar

Este taller está dirixido a todos os nenos e nenas de 8 a 14 anos que desexen iniciarse no mundo das historias escritas.

Finalidade e competencias a adquirir

Familiarizarse co proceso creativo da escritura.

Exercitar a creación de novas ideas.

Desenvolver unha idea concreta e convertela nun texto escrito.

Motivación

Este taller está deseñado para introducir aos nenos e nenas á escritura. Fíxose a escolle particular da escritura creativa porque non só é un ámbito máis interesante para este grupo de idade se non porque tamén é unha habilidade que exercitada a idades temperáns pódese, nun futuro, aplicar tanto nun ámbito artístico como un ámbito laboral, o cal sempre se beneficia de unha boa capacidade de expresión.